

I. DISPOSICIONES XERAIS

MINISTERIO DE FACENDA

3908 *Real decreto 91/2019, do 1 de marzo, polo que se regulan a composición e o funcionamento do Consello Asesor de Prevención e Loita contra a Fraude aos Intereses Financeiros da Unión Europea.*

O Regulamento (UE, Euratom) 883/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de setembro de 2013, relativo ás investigacións efectuadas pola Oficina Europea de Loita contra a Fraude (OLAF) e polo que se derrogan o Regulamento (CE) n.º 1073/1999 do Parlamento Europeo e do Consello e o Regulamento (Euratom) n.º 1074/1999 do Consello, establece, no número 4 do seu artigo 3, que «para efectos deste regulamento, os Estados membros designarán un servizo (no sucesivo denominado «o servizo de coordinación antifraude») que facilite a coordinación efectiva e o intercambio de información coa oficina, incluíndo información de carácter operativo. Cando corresponda, de conformidade co dereito nacional, o servizo de coordinación antifraude poderase considerar a autoridade competente para efectos do presente regulamento».

En setembro de 2014 o Consello de Ministros aprobou o Real decreto 802/2014, do 19 de setembro, polo que se modifican o Real decreto 390/1998, do 13 de marzo, polo que se regulan as funcións e a estrutura orgánica básica das delegacións de Economía e Facenda; o Real decreto 1887/2011, do 30 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica básica do Ministerio da Presidencia; o Real decreto 256/2012, do 27 de xaneiro, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, e o Real decreto 696/2013, de modificación do anterior.

Entre outras cuestións, e para efectos de dar cumprimento nun prazo adecuado ao disposto no artigo 3.4 do Regulamento (UE, Euratom) 883/2013, o dito real decreto creou o Servizo Nacional de Coordinación Antifraude como órgano integrado na Intervención Xeral da Administración do Estado e coas funcións establecidas no artigo 11.5.d) do citado Real decreto 256/2012, substituído actualmente polo artigo 13.5.h) do Real decreto 1113/2018, do 7 de setembro, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Facenda.

Con posterioridade, o número catro da disposición derradeira sétima da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, introduciu unha nova disposición adicional –vixésimo quinta– na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), coa finalidade, por un lado, de que o establecemento do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude e a regulación das súas funcións básicas se encontrasen contidos nun instrumento normativo adecuado que o dotase de vocación de permanencia e, por outro lado, de completar a súa regulación con determinados aspectos necesarios para que este poida desempeñar adecuadamente as súas funcións.

Un deses aspectos encóntrase no número 4 da citada disposición adicional vixésimo quinta da LXS, que establece que «o Servizo Nacional de Coordinación Antifraude estará asistido por un consello asesor presidido polo interventor xeral da Administración do Estado e integrado por representantes dos ministerios, organismos e demais institucións nacionais que teñan competencias na xestión, control, prevención e loita contra a fraude en relación cos intereses financeiros da Unión Europea. A súa composición e funcionamento determinaranse por real decreto».

O obxecto deste real decreto é precisamente regular a composición e o funcionamento do citado consello asesor, ao cal se atribúe a denominación de Consello Asesor de Prevención e Loita contra a Fraude aos Intereses Financeiros da Unión Europea e que se configura como un órgano colexiado de carácter consultivo de asesoramento e de apoio do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude, que ten por finalidade asistir o citado servizo no exercicio das funcións.

Polo que respecta á súa composición, e dado que a misión principal do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude é a coordinación de todas as medidas e actuacións dirixidas á protección dos intereses financeiros da Unión Europea contra a fraude, o presente real decreto establece unha composición ampla do Consello Asesor, na cal están representados todos os órganos, entidades e institucións nacionais que teñen competencias en materia de xestión, control, prevención e loita contra a fraude no dito ámbito, e que, polo tanto, participan, dunha ou doutra maneira, na adopción e execución das ditas medidas e actuacións.

Con esta finalidade, no Consello Asesor de Prevención e Loita contra a Fraude aos Intereses Financeiros da Unión Europea non só están representados os diferentes órganos e entidades da Administración xeral do Estado con competencia nas materias antes mencionadas, senón que se prevé que tamén formen parte del representantes das comunidades autónomas e da Administración local, así como representantes de órganos do Estado non integrados na Administración xeral do Estado, nin dependentes dela, pero que teñen competencias en materia de loita contra a fraude, como é o caso da Fiscalía Xeral do Estado.

Desta forma, o Consello Asesor de Prevención e Loita contra a Fraude aos Intereses Financeiros da Unión Europea configúrase como un instrumento esencial para garantir a cooperación efectiva entre todos os axentes implicados nas diferentes fases do ciclo antifraude (prevención, detección, investigación e recuperación/sanción) e para que o Servizo Nacional de Coordinación Antifraude poida desempeñar adecuadamente a súa función de coordinación no ámbito da prevención e loita contra a fraude, contribuíndo así a proporcionar unha resposta máis integrada e eficaz das institucións nacionais ao fenómeno da fraude aos intereses financeiros da Unión Europea.

En canto á regulación do seu funcionamento, este real decreto segue os principios xerais en materia de órganos colexiados recollidos na sección 3.^a do capítulo II do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, en que se prevé a posibilidade de constituír comisións e grupos de traballo formados por un número reducido de membros en función das materias ou cuestións que se van tratar en cada caso, para efectos de garantir a operatividade do Consello Asesor no exercicio das súas funcións.

Este real decreto estrutúrase en sete artigos, tres disposicións adicionais e dúas disposicións derradeiras.

O artigo 1 recolle o obxecto do real decreto. No artigo 2 descríbense a natureza, os fins e a integración do Consello Asesor de Prevención e Loita contra a Fraude, cuxas funcións se regulan no artigo 3. Os artigos 4 e 5 regulan, respectivamente, a composición do Consello Asesor e as normas relativas á suplencia dos seus membros. O artigo 6 contén as normas relativas á organización e ao funcionamento do Consello Asesor. O artigo 7 refírese á aprobación do Regulamento de réxime interior.

As disposicións adicionais refírense ás retribucións dos membros do Consello Asesor, á inexistencia de aumento do gasto público e ao réxime aplicable con carácter supletorio no non previsto no real decreto ou no seu regulamento de réxime interior.

Por último, a disposición derradeira primeira habilita a ministra de Facenda para ditar as disposicións e adoptar as medidas necesarias para o desenvolvemento do real decreto, e a disposición derradeira segunda establece a entrada en vigor deste real decreto o día seguinte ao da súa publicación no «BOE».

Na súa virtude, por proposta da ministra de Facenda, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 1 de marzo de 2019,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto regular a composición e o funcionamento do Consello Asesor de Prevención e Loita contra a Fraude aos Intereses Financeiros da Unión

Europea, recollido no número 4 da disposición adicional vixésimo quinta da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 2. *Natureza, fins e adscrición.*

O Consello Asesor de Prevención e Loita contra a Fraude aos Intereses Financeiros da Unión Europea é un órgano colexiado de carácter consultivo, de asesoramento e de apoio do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude, que ten por finalidade asistir o citado servizo no exercicio das funcións que ten atribuídas no ámbito da prevención e loita contra a fraude aos intereses financeiros da Unión Europea.

O Consello Asesor de Prevención e Loita contra a Fraude aos Intereses Financeiros da Unión Europea está integrado na Intervención Xeral da Administración do Estado.

Artigo 3. *Funcións.*

Son funcións do Consello Asesor de Prevención e Loita contra a Fraude aos Intereses Financeiros da Unión Europea, sen prexuízo das competencias da Axencia Estatal de Administración Tributaria, as seguintes:

a) Coñecer e, de ser o caso, emitir informe sobre os proxectos normativos e as propostas de calquera tipo que sexan sometidos á súa consideración polo Servizo Nacional de Coordinación Antifraude.

b) Estudar, deliberar e propor ao Servizo Nacional de Coordinación Antifraude cantas medidas considere oportunas no ámbito da prevención e loita contra a fraude aos intereses financeiros da Unión Europea.

c) Colaborar co Servizo Nacional de Coordinación Antifraude no establecemento de mecanismos que permitan un intercambio áxil de información entre as institucións nacionais que teñan competencias na xestión, control, prevención e loita contra a fraude aos intereses financeiros da Unión Europea, e entre estas e a Oficina Europea de Loita contra a Fraude, con plena observancia da normativa vixente en materia de confidencialidade da información.

d) Colaborar co Servizo Nacional de Coordinación Antifraude no exercicio da súa función de coordinación das medidas antifraude que deben adoptar as autoridades nacionais competentes.

e) Apoiar o Servizo Nacional de Coordinación Antifraude no establecemento de criterios sobre o tratamento das sospeitas de fraude.

f) Informar e asesorar o Servizo Nacional de Coordinación Antifraude en relación coas cuestións que este lle poida formular en relación coa prevención e loita contra a fraude aos intereses financeiros da Unión Europea.

g) Servir de vía de comunicación das propostas, decisións e recomendacións formuladas polas autoridades comunitarias no ámbito da prevención e loita contra a fraude.

h) Colaborar na elaboración e no impulso da Estratexia nacional de prevención e loita contra a fraude aos intereses financeiros da Unión Europea.

i) Difundir boas prácticas, medidas ou accións xa contrastadas nas diferentes administracións, coa finalidade de que poidan servir para mellorar as capacidades administrativas de todo o conxunto de participantes.

j) Calquera outra función que, no marco das súas competencias, se lle atribúa por disposición legal ou regulamentaria.

Artigo 4. *Composición.*

1. O Consello Asesor de Prevención e Loita contra a Fraude aos Intereses Financeiros da Unión Europea estará integrado polos seguintes membros:

- a) Presidente, que será o interventor xeral da Administración do Estado.
- b) Vicepresidente, que será o titular do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude.
- c) O director xeral de Fondos Europeos.

- d) O presidente do Fondo Español de Garantía Agraria O.A.
 - e) O director xeral de Ordenación Pesqueira e Acuicultura.
 - f) O director xeral de Desenvolvemento Rural, Innovación e Política Forestal.
 - g) O director xeral de Integración e Atención Humanitaria.
 - h) O director xeral de Integración e Coordinación de Asuntos Xerais da Unión Europea.
 - i) A directora xeral de Modernización da Xustiza, Desenvolvemento Tecnolóxico e Recuperación e Xestión de Activos.
 - j) O subdirector xeral da Unidade Administradora do Fondo Social Europeo.
 - k) O subdirector xeral de Planificación e Xestión de Infraestruturas e Medios para a Seguridade do Ministerio do Interior.
 - l) Un representante dos organismos intermedios do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, designado con carácter rotatorio cada dous anos polo director xeral de Fondos Europeos entre os dependentes do Ministerio de Transición Ecolóxica, do Ministerio de Fomento e do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades.
 - m) O subdirector xeral de Planificación de Infraestruturas e Transporte do Ministerio de Fomento.
 - n) O director da Oficina Nacional de Auditoría.
 - o) O presidente da Oficina Independente de Regulación e Supervisión da Contratación.
 - p) O xeneral xefe de Policía Xudicial da Dirección Xeral da Garda Civil.
 - q) A directora xeral do Tesouro e Política Financeira.
 - r) O comisario xeral de Policía Xudicial da Dirección Xeral da Policía.
 - s) Dous vogais en representación da Axencia Estatal de Administración Tributaria, un en representación do Departamento de Alfándegas e Impostos Especiais e outro do Departamento de Inspección Financeira e Tributaria.
 - t) Dous vogais en representación das comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía, cando estas o acepten voluntariamente logo de invitación cursada polo presidente do Consello Asesor, salvo a existencia dun convenio ou dunha norma que o estableza, elixidos rotativamente, por orde alfabética, por un período mínimo de tres anos, sen prexuízo da articulación dos mecanismos de coordinación entre elas que sexan precisos.
 - u) Un vogal en representación das entidades que integran a Administración local, designado pola Federación Española de Municipios e Provincias, cando estas o acepten voluntariamente logo de invitación cursada polo presidente do Consello Asesor, salvo que exista un convenio ou unha norma que o estableza.
2. Os vogais poderán asistir ás reunións acompañados dun asesor, con voz pero sen voto.
 3. Tamén formará parte do Consello Asesor de Prevención e Loita contra a Fraude aos Intereses Financeiros da Unión Europea un membro do Ministerio Fiscal, designado polo fiscal xeral do Estado.
 4. O Consello Asesor estará asistido por un secretario, que será un funcionario de carreira do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude designado para tales efectos polo presidente do Pleno, por proposta do titular do citado servizo.
 5. O presidente do Pleno poderá invitar a asistir ás reunións do Consello Asesor, con voz pero sen voto, aqueles expertos que considere conveniente en función dos asuntos que se vaian tratar en cada caso, o que inclúe, en particular, representantes da Oficina Europea de Loita contra a Fraude.

Artigo 5. *Suplencia.*

Nos supostos de vacante, ausencia, enfermidade ou calquera outra causa legal:

- a) O presidente será substituído polo vicepresidente.
- b) O vicepresidente será substituído pola persoa que en cada caso designe o presidente.

c) Os vogais serán substituídos polos membros da comisión permanente que dependan deles.

Non obstante, os vogais que sexan, así mesmo, membros da comisión permanente ou dos que non dependa ningún membro da dita comisión serán substituídos polas persoas que aqueles designen como suplentes. Nestes casos, a designación de suplencia deberá ser comunicada por escrito ao secretario.

d) O secretario será substituído pola persoa que en cada caso designe o presidente, de entre os funcionarios destinados no Servizo Nacional de Coordinación Antifraude, por proposta do seu titular.

Artigo 6. *Organización e funcionamento.*

1. O Consello Asesor de Prevención e Loita contra a Fraude aos Intereses Financeiros da Unión Europea poderá funcionar en pleno, comisión permanente ou a través das demais comisións que, de ser o caso, sexan constituídas no seu seo de acordo co establecido no número 3 deste artigo.

2. O Pleno estará integrado polo presidente, o vicepresidente e todos os vogais do Consello Asesor. O secretario do Consello Asesor serao tamén do Pleno.

O Pleno reunirse polo menos unha vez ao ano con carácter ordinario e, con carácter extraordinario, cando sexa necesario para o cumprimento das súas funcións.

Para efectos da adopción de acordos, o presidente poderá dirimir co seu voto os empates que se poidan producir.

Corresponderalle ao Pleno o coñecemento de todos os asuntos de competencia do Consello Asesor que non estean expresamente atribuídos a outro órgano deste.

3. A comisión permanente estará integrada polos seguintes membros:

- a) O presidente, que será o titular do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude.
- b) O subdirector xeral de Inspección e Control da Dirección Xeral de Fondos Europeos.
- c) O subdirector xeral de Fondos Agrícolas do Fondo Español de Garantía Agraria O.A.
- d) O subdirector xeral de Competitividade e Asuntos Sociais da Dirección Xeral de Ordenación Pesqueira e Acuicultura.
- e) O subdirector xeral da Subdirección Xeral de Dinamización do Medio Rural da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural, Innovación e Política Forestal.
- f) O subdirector xeral de Integración e Relacións Institucionais da Dirección Xeral de Integración e Atención Humanitaria.
- g) O subdirector xeral de Asuntos Económicos e Financeiros da Dirección Xeral de Integración e Coordinación de Asuntos Xerais da Unión Europea.
- h) O subdirector xeral de Localización e Recuperación de Bens da Oficina de Recuperación e Xestión de Activos.
- i) O subdirector adxunto de Control e Pagamentos da Unidade Administradora do Fondo Social Europeo.
- j) Un representante dos organismos intermedios do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, designado con carácter rotatorio cada dous anos polo titular da Dirección Xeral de Fondos Europeos entre os dependentes dos distintos ministerios.
- k) A subdirectora xeral de Inspección e Control de Movementsos de Capitais da Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira.
- l) Un xefe de división da Oficina Nacional de Auditoría, designado polo director desta última.
- m) Un xefe de división da Oficina Independente de Regulación e Supervisión da Contratación, designado polo presidente desta última.
- n) O xefe da Unidade Técnica de Policía Xudicial da Garda Civil.
- o) O xefe da Unidade Central de Delincuencia Económica e Fiscal da Policía Nacional.
- p) Os vogais do Consello Asesor mencionados na alínea s) do número 1 do artigo 4.

q) Os vogais aos cales se fai referencia nas alíneas k), m), t) e u) do número 1 do artigo 4 e o representante do Ministerio Fiscal a que se fai referencia no número 3 do dito artigo.

O secretario do Pleno serao tamén da Comisión Permanente.

En caso de vacante, ausencia ou enfermidade ou calquera outra causa legal, os membros da Comisión Permanente serán substituídos polas persoas que estes designen, con excepción do seu presidente e do secretario, aos cales se aplicará o réxime de suplencia establecido no artigo 5. A designación de suplencia deberá ser comunicada por escrito ao secretario.

As normas de funcionamento do Pleno serán aplicables á Comisión Permanente no que sexa compatible coa natureza desta.

4. A Comisión Permanente terá como función a preparación dos asuntos de que deba coñecer o Pleno, salvo cando iso se atribuíse a outra comisión.

O Pleno poderá delegar na Comisión Permanente a adopción de calquera acordo que sexa da súa competencia.

5. As demais comisións crearanse mediante acordo do Pleno, estarán presididas polo titular do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude, ou persoa en quen delegue, e nelas actuará como secretario o funcionario do citado servizo designado para tal efecto polo seu titular.

No acto en que se acorde a constitución dunha comisión fixaranse a súa composición, funcións, obxectivos, así como, de ser o caso, o seu réxime de funcionamento.

6. O Pleno do Consello Asesor ou a súa Comisión Permanente poderán constituír grupos de traballo aos cales se lles encomendará temporalmente a realización de estudos, traballos ou informes sobre asuntos relativos á prevención e loita contra a fraude aos intereses financeiros da Unión Europea.

No acto en que se acorde a constitución do grupo de traballo fixaranse a súa composición, obxectivos e, de ser o caso, o prazo de execución da actividade encomendada e o seu réxime de funcionamento.

Os grupos de traballo estarán presididos por un dos membros do Pleno do Consello Asesor ou da súa Comisión Permanente, e poderán participar neles expertos na prevención e loita contra a fraude ou nas materias obxecto de estudo por parte do grupo de traballo, que serán designados polo titular do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude por proposta do presidente do grupo de traballo.

Os grupos de traballo quedarán automaticamente disoltos unha vez que cumplan a función específica para a cal foron constituídos.

Artigo 7. *Regulamento de réxime interior.*

O Pleno do Consello Asesor poderá aprobar un regulamento de réxime interior no cal se conteñan as normas de funcionamento dos órganos do Consello que, en todo caso, deberán respectar o disposto neste real decreto.

Disposición adicional primeira. *Retribucións dos membros do Consello Asesor.*

Os membros do Consello Asesor non percibirán remuneración nin ningunha compensación polo exercicio das funcións que se lles atribúen en virtude do presente real decreto.

Disposición adicional segunda. *Non aumento do gasto público.*

O funcionamento do Consello Asesor de Prevención e Loita contra a Fraude aos Intereses Financeiros da Unión Europea non suporá aumento do gasto público e será atendido cos medios persoais e materiais asignados á Intervención Xeral da Administración do Estado ou outros medios que se poidan pór á disposición do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude no marco de actuacións financiadas con cargo a fondos procedentes da Unión Europea.

Disposición adicional terceira. *Réxime aplicable con carácter supletorio.*

En todo o non previsto neste real decreto e no Regulamento de réxime interior que poida aprobar o Pleno, o Consello Asesor rexerese, en canto á súa organización e funcionamento, polo disposto na sección 3.^a do capítulo II do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Disposición derradeira primeira. *Facultades de desenvolvemento.*

Habílitate a ministra de Facenda, no ámbito das súas competencias, para ditar as disposicións e adoptar as medidas que sexan necesarias para o desenvolvemento e a execución do establecido neste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 1 de marzo de 2019.

FELIPE R.

A ministra de Facenda,
MARÍA JESÚS MONTERO CUADRADO